



PLAN DE LECTURA, ESCRITURA E ACCESO Á INFORMACIÓN (PLEA).

CURSO 2025/26

Coordinación:

María Felpeto Losada.

ÍNDICE

1. FUNDAMENTACIÓN.....	3
2. OBXECTIVOS	4
3. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS PARA A LECTURA	4
4. LIÑAS DE ACTUACIÓN.....	5
5. RUTINAS DE LECTURA	7
6. RECURSOS HUMANOS.....	8
7. PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES	8
8. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.....	9

1. FUNDAMENTACIÓN

Neste Plan de lectura descríbese a organización, programación, seguimento e, finalmente, avaliación do fomento da lectura. Vanse seguir as directrices establecidas na Resolución do 1 de setembro de 2025, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento da organización e o funcionamento das bibliotecas escolares nos centros docentes non universitarios, de titularidade da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional no curso académico 2025/26.

Nesta resolución establécese que a finalidade das bibliotecas é que estas sexan un espazo aberto á comunidade educativa, centro de recursos de lectura, información e aprendizaxe.

Por outra banda, o Ministerio de Educación, en 2011, establece que *as bibliotecas escolares que se precisan na actualidade son centros de recursos de lectura, información e aprendizaxe: "contornas" educativas específicas integradas na vida da institución escolar. Apoian ao profesorado no exercicio das súas prácticas de ensinanza e facilitan ao alumnado a aprendizaxe dos contidos curriculares, así como a adquisición de competencias e hábitos de lectura, nunha dinámica aberta á comunidade educativa.*

A biblioteca é, polo tanto, un espazo de toda a comunidade educativa e aberto a cidadanía, un espazo público do que todas as persoas que acudimos somos responsables, tanto do seu uso coma do seu crecemento positivo.

O Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares, describe como se vai organizar a biblioteca:

- *A persoa responsable da biblioteca escolar será a encargada, en colaboración coa xefatura de estudos e o equipo de apoio á biblioteca, de elaborar[...] o Plan de Biblioteca, que favoreza o desenvolvemento do Plan Anual de Lectura e o uso, por parte de alumnado e profesorado, das distintas fontes informativas e da variedade de servizos da biblioteca escolar, en beneficio de todas as áreas e materias.*
- Os centros docentes incluírán dentro do seu proxecto educativo e funcional o Plan de Lectura que terá por finalidade a promoción e o fomento da lectura, a escritura e as habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio á adquisición das competencias clave. Igualmente, o proxecto educativo e funcional de centro recollerá o Plan de Biblioteca que terá por finalidade a promoción da biblioteca escolar como centro de referencia de recursos da lectura, da información e da aprendizaxe. O Plan de Lectura concretarase no Plan Anual de Lectura que se incluírá na Programación Xeral Anual (PXA) a través de accións enfocadas ao logro daqueles obxectivos establecidos neste plan, que se pretendan desenvolver no curso 2025/2026.
- Desde a biblioteca escolar coordinaranse as actuacións para o desenvolvemento do Plan de Lectura.

2. OBXECTIVOS

XERAIS:

- Promover entre toda a comunidade educativa o uso da biblioteca.
- Potenciar a integración da lectura na dinámica da clase.

ESPECÍFICOS:

- Fomentar a hora de lectura adaptada aos grupos.
- Crear un grupo de dinamización da biblioteca escolar.
- Crear un podcast para difundir e coñecer contidos e experiencias.

3. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS PARA A LECTURA

Para a lectura, contamos co espazo propio da biblioteca. Cada curso inténtase facer este espazo máis accesible e atractivo e con máis utilidades, dotándoo de equipamento coa finalidade de facelo apto para calquera función que lle queiramos dar.



Ademais, existen recunchos de lectura informal espallados polo centro. Son puntos creados para fomentar a lectura en calquera momento da xornada lectiva.



Pola súa banda, cada departamento pode crear bibliotecas de aula, para facilitar o achegamento do alumnado e profesorado ós libros, tanto de lecer como de contidos informativos relacionados coas súas ensinanzas.

En canto aos tempos de ler, tentamos fomentar que cada vez se dedique máis tempo a esta actividade a través de diferentes actuacións que se relatarán nas actividades para este curso 2025/26, como lecturas informais durante os tempos de gardas cando falta algún docente, hora de ler, club de lectura, etc.

4. LIÑAS DE ACTUACIÓN

Dende o curso 2013-2014 o IES Lois Peña Novo forma parte do Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares. No presente documento detallaranse as liñas de actuación prioritarias para o curso 2025/26.

A. EN RELACIÓN COA ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DA BIBLIOTECA COMO LUGAR DE LECTURA.

- Prioridade na compra de fondos: darase preferencia a materiais que fomenten as competencias básicas, a atención á diversidade e ás necesidades educativas especiais, favorecendo a inclusión.
- Selección de novos fondos: procurárase variedade de seccións e priorizaranse os libros en galego.
- Organización e funcionamento: estableceranse horarios de uso e de gardas da biblioteca.
- Hora de ler: fíxase un calendario escolar específico para esta actividade.
- Plan de lectura: deseñárase o Plan de Lectura, Escritura e Acceso á Información (PLEA).
- Solicitud de libros: créase un procedemento para pedir libros desde os departamentos e a Aula Virtual.

B. EN RELACIÓN COA DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA, A SÚA INTEGRACIÓN NO TRATAMENTO DO CURRÍCULO E A SÚA CONTRIBUCIÓN Á ALFABETIZACIÓN MÚLTIPLE E AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS DO ALUMNADO.

- Sección de novas adquisicións de libros á entrada da biblioteca: Bookflix coas novas conmemoracións.
- Aula virtual como canle de difusión para todo o centro.
- Paneis informativos.
- Instagram da biblioteca: @biblio.lpn
- Web do centro IES Lois Peña Novo.

C. EN RELACIÓN COA FORMACIÓN DE USUARIOS E ADQUISICIÓN DA COMPETENCIA INFORMACIONAL (COMPETENCIA PARA O TRATAMENTO DA INFORMACIÓN INCLUIDA NA ACTUAL COMPETENCIA DIXITAL).

- Formación inicial do uso da biblioteca a inicio de curso para os primeiros cursos.
- Formación inicial alumnado voluntario da biblioteca.
- Formación inicial profesorado con gardas na biblioteca.

D. EN RELACIÓN CO FOMENTO DA LECTURA E CO DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE LECTURA, ESCRITURA E ACCESO A INFORMACIÓN (PLEA)

- Ampliación do Club de lectura “Nós tamén” con diferentes tipoloxías.
- Presenza de autoras e autores na biblioteca.
- Actividades culturais ó longo do curso.
- Conmemoracións e actividades relacionadas co fomento da lectura e expresión culturais e artísticas.
- Radio escolar.

E. EN RELACIÓN COS AVANCES CARA A UNHA BIBLIOTECA INCLUSIVA

- Sección de lectura fácil.
- Sección de lectura en lingua inglesa distribuída segundo os niveis recollidos no Marco Común Europeo de Referencia (MCER)
- Club de lectura inclusivo.
- Pictogramas e braille.



F. OUTRAS ACTUACIÓN

- Voluntariado na biblioteca.

- Calendario escolar e actividades relacionadas co fomento da lectura e coñecemento literario e audiovisual.
- Temática 2025/26 bibliotecas escolares: o deseño.
- Radio na biblioteca.

G. PERSOA DESIGNADA COMO RESPONSABLE/ DINAMIZADORA DA BIBLIOTECA ESCOLAR. EQUIPO DE APOIO. HORARIO PREVISTO.

- Para este curso 2025/2026 a persoa coordinadora da biblioteca é a docente do departamento de Lingua Castelá e Literatura, María Felpeto Losada. Pola súa parte, a persoa que levará durante o curso o club de lectura é a docente do departamento de Inglés, Marta Yáñez Castiñeira.

5. RUTINAS DE LECTURA

Ademais do club de lectura, sobre o que xa recolleemos información detallada nos outros dous documentos que se incluírán na PXA, a saber, o Plan Anual de Biblioteca e o Club de Lectura, podemos destacar, como rutina de lectura, a coñecida “hora de ler”. En relación a este recurso, pasamos a expoñer en que consiste.

Establecemos un tempo mínimo de 20 minutos ó día. Para repartir este tempo de lectura o máis equitativamente posible, facemos a seguinte proposta:

- A primeira semana do mes de outubro, a lectura farase nas primeiras horas de clase. A segunda semana, farase a lectura na segunda hora de clase. A terceira semana, lerase na terceira hora e así, sucesivamente, ata completar as seis horas de clase das mañás e as semanas consecutivas. No caso das ensinanzas de adultos, esta disposición horas/ semanas varía un pouco atendendo ás seguintes situacións:
 - ♣ Na ESPA, contamos cun horario de 18.00 a 22:00 horas. Polo tanto, temos 4 horas de clase de luns a xoves. Neste caso, na primeira semana, lerase na primeira hora; na segunda semana, na segunda hora e así sucesivamente ata completar as catro horas e as catro semanas consecutivas.
 - ♣ No Bacharelato de adultos, o horario de asistencia obrigada a clase acúrtase considerablemente quedando reducido a pouco máis ca tres horas (de 18:45 a 22:00), en horario de luns a xoves. Deste xeito, na primeira semana, lerase nesta primeira hora (18:45); na segunda semana, a lectura farase na segunda hora de clase e na terceira semana, lerase na terceira hora de clase. Despois desta semana, volverase a comezar ata completar as tres semanas seguintes e así sucesivamente.

Os libros levaranse á aula a través do sistema de préstamo. A selección de libros realizarase, unhas veces baixo a supervisión do profesorado, e outras a través de escollas individuais do alumnado.

A hora de ler tamén se poderá realizar na biblioteca, dando a posibilidade de estar nun entorno máis axeitado e atractivo para esta actividade e con acceso ás obras que ofrece a biblioteca do noso centro.

Os horarios e normas da hora de ler estarán expostos en cada aula.

Se o alumnado quere levar o libro ó seu fogar, pode solicitalo na biblioteca ou mediante o autopréstamo.

6. RECURSOS HUMANOS

Neste curso 2025/2026 contamos, ademais do profesorado de garda da biblioteca e do equipo de dinamización da mesma cuxos datos quedan recollidos no Plan Anual da Biblioteca, coa colaboración de todo o claustro no fomento da lectura entre o alumnado. A participación do claustro de profesorado farase, fundamentalmente, a través da hora de ler xa que, ó longo do curso e coa distribución desta hora nas distintas sesións lectivas, a maior parte do profesorado, se non todo, verase implicado neses 20 minutos mínimos de lectura que quedan recollidos no Plan Anual da Biblioteca.

Por outra banda, e neste caso coa finalidade de fomentar a lectura, ademais de no alumnado tamén no profesorado, contamos co noso Club de Lectura *“Nos tamén, Us too e Nós Inclusivo”*. Trátase dun proxecto cuxa intención será que, a través de distintas lecturas, se esperte en nós un interese polas temáticas que estas lecturas recollen, así como unha motivación para compartir o experimentado a través delas. Faranse lecturas de todo tipo, dende novela a banda deseñada pasando por libros de temática inclusiva. Contémplase tamén neste club a lectura dalgunhas obras en lingua inglesa en estreita colaboración co Departamento de Inglés cuxa xefatura está desempeñada pola mesma docente que coordinará este curso o club de lectura: Marta Yáñez Castiñeira.

7. PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES

TRIMESTRE	NOME DA ACTIVIDADE	DESCRICIÓN
1º, 2º, 3º	Hora de ler	Dedícaranse 20 minutos diarios á lectura de distintas obras en distintas sesións lectivas, tal e como se recolle no Plan Anual da Biblioteca.

1º, 2º, 3º	Club de lectura	Lectura e posta en común das distintas lecturas que se vaian levando a cabo no noso club de lectura.
1º	Día das bibliotecas	<i>Scape room.</i>
1º	Samaín/ Halloween	Lecturas en lingua inglesa relacionadas coa temática de Halloween. Exposición de libros e material variado de lectura relacionado coa temática de Samaín e Halloween.
1º	25N	Exposición de libros e materiais de lectura relacionados coa temática propia do Día Contra a Violencia de Xénero.
2º	Día da paz Día da muller e da nena na ciencia 8M	Exposición de libros e materiais de lectura relacionados coas diferentes temáticas das diferentes conmemoracións. Charlas que insten, entre outras cousas, á lectura de libros relacionados coa temática que nos ocupa.
2º	Saída cultural relacionada coas obras de lectura propostas para o club: <i>O misterio de Portomarín</i> e <i>A dama de Anboto</i> .	
3º	Día do libro.	Lectura en voz alta, por parte de alumnado e profesorado, dalgunha obra características e emblemática da nosa literatura. Exposición dos últimos libros adquiridos para a biblioteca.
3º	Día das Letras Galegas	Actividades de lectura relacionadas coa labor literaria e xornalística da homenaxeada Begoña Caamaño.

8. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Para sistematizar o proceso de seguimento e avaliación das actuacións que se desenvolvan, levaremos a cabo unha estratexia de avaliación baseada en dúas fases:

- a) **Seguimento continuo e autoavaliación**, para revisar o desenvolvemento do plan, analizar a metodoloxía, a participación da comunidade educativa, a idoneidade das actividades e recursos, e detectar aspectos mellorables.
- b) **Aviación final de curso**, na que se revisan os obxectivos e indicadores, recóllense os resultados e intégranse na memoria anual do centro, servindo de base para planificar o curso seguinte.

Os **indicadores de avaliación** inclúen:

- ✓ Melloras no equipamento e instalación.
- ✓ Xestión da biblioteca.
- ✓ Participación da comunidade.
- ✓ Calidade das actividades de lectura.
- ✓ Coordinación con entidades externas.
- ✓ Progreso do alumnado.
- ✓ Interrelación con outros plans.
- ✓ Grao de satisfacción dos diferentes axentes implicados.

Os **instrumentos empregados** serán:

- ❖ Observación e rexistro de incidencias, logros e experiencias postas en marcha.
- ❖ Cuestionarios á comunidade educativa.
- ❖ Táboas de valoración dos indicadores cunha puntuación do 1 ao 4.